

EL PIROPO, DE LA CALLE A LA RED

OBRADOIRO DE ANA MANCERA RUEDA

Universidade de Sevilla

Un piropo é o mesmo que unha gabanza? De onde procede o termo *piropo*? Cando comeza a analizarse desde unha perspectiva lingüística? Que críticas suscitou a definición de piropo recollida no *Diccionario de la lengua española*? Como son os piropos en Internet? Que patróns lingüísticos adoitan seguir? Como poden analizarse desde a perspectiva da pragmática e da análise do discurso? Que aspectos se ponderan con maior frecuencia nas redes sociais? Que efectos poden suscitar os piropos na rede? Estas son algunhas das cuestións que se abordarán, de xeito práctico e divulgativo, no seo da xornada *A práctica do piropo nos novos tempos*, organizada polo Instituto da Lingua Galega.

Bionota

Ana Mancera Rueda é catedrática de Lingua Española no Departamento de Lingua Española, Lingüística e Teoría da Literatura da Universidade de Sevilla, onde desenvolve as súas investigacións sobre a linguaxe xornalística desde una perspectiva tanto sincrónica como diacrónica, a análise do discurso dixital e o estudo do español coloquial, no seo do grupo Investigación en Humanidades Digitales y Español de América (HUM-927). Publicou máis de medio centenar de artigos en revistas científicas e diversas monografías, entre as que cabe destacar as seguintes: *‘Oralización’ de la prensa española: la columna periodística* (Peter Lang, 2009), *¿Cómo se “habla” en los cybermedios? El español coloquial en el periodismo digital* (Peter Lang, 2011), *El discurso político en Twitter* (en colaboración con Ana Pano Alamán, Anthropos, 2013), *El español coloquial en las redes sociales* (en colaboración con Ana Pano, Arco/Libros, 2013), *La opinión pública en la red. Análisis pragmático de la voz de los ciudadanos* (en colaboración con Ana Pano, Iberoamericana/Vervuert, 2020) e *La prensa española ante la guerra de Cuba (1895-1898)* (Tirant Humanidades, 2022).